



INSTITUTO
GALEGO DE
ESTADÍSTICA



INFORME SOBRE O ÍNDICE DE COMERCIO POLO MIÚDO


Decembro 2024

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2025

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

Índice de comercio polo miúdo (ICM). Decembro 2024

- O índice xeral do comercio polo miúdo a prezos constantes rexistrou en Galicia en decembro de 2024 con respecto ao mesmo período do ano anterior un incremento do 3,4% e no conxunto de España do 3,5%.
- No conxunto do ano, as vendas minoristas a prezos constantes aumentan un 1,7% en Galicia e un 2,1% en España
- Por produtos, as vendas aumentan un 1% en Alimentación e un 4,9% no Resto de produtos en decembro de 2024.
- As vendas minoristas aumentan en todas as comunidades autónomas.
- O índice xeral do comercio polo miúdo a prezos correntes rexistra un crecemento do 3,9% en Galicia no mes de decembro de 2024 con respecto ao mesmo período do ano anterior, e no conxunto de España medra un 4,2%.
- No conxunto do ano, o índice a prezos correntes medra un 3,3% en Galicia e un 3,8% en España.
- O índice xeral de ocupación rexistra unha taxa do 0,8% en Galicia e do 1,7% no conxunto do Estado no mes de decembro.
- Na media do ano, a ocupación medra un 0,1% en Galicia e en España un 1,9%.
- A ocupación aumenta en quince comunidades autónomas no mes de decembro.




1. Índice xeral de comercio polo miúdo a prezos constantes

O índice xeral de comercio polo miúdo a prezos constantes rexistra un incremento do 3,4% en Galicia en decembro de 2024 con respecto ao mesmo período do ano anterior e do 3,5% no conxunto de España.

O índice xeral sen estacións de servizo medra un 3% en Galicia e un 3,4% en España respecto a decembro de 2023. Desagregando por produtos:

- A Alimentación incrementa a facturación un 1% en Galicia e un 0,9% no conxunto de España.
- O Resto de produtos medra un 4,9% en Galicia e un 6% no conxunto do Estado.



No conxunto do ano, as vendas minoristas aumentan un 1,7% en Galicia e un 2,1% en España. Rexístrase un incremento das vendas tanto en Alimentación (2% en Galicia e 1,7% en España) como no Resto de produtos (1,8% en Galicia e 3,3% en España).


2. Índices por comunidades autónomas

As vendas aumentan en todas as comunidades autónomas. As comunidades con maiores incrementos son Canarias (6,5%), Murcia (4,9%) e Cataluña (4,7%). As comunidades con menor crecemento das vendas son Aragón (0,2%) e Castilla y León (0,5%).

Na media do ano, o índice aumenta en todas as comunidades autónomas agás en Madrid (-0,3%). As taxas máis altas preséntanse en Canarias (5,2%), Cantabria (3,6%) e Andalucía (3,6%).

Índice xeral do comercio minorista a prezos constantes. Decembro 2024

Taxas de variación en %



3. Índice xeral do comercio polo miúdo a prezos correntes

O Índice de comercio polo miúdo (ICM) a prezos correntes aumenta un 3,9% en Galicia no mes de decembro de 2024, e un 4,2% no conxunto de España.

O índice xeral sen estacións de servizo rexistra unha taxa do 4% en Galicia e do 4,6% en España. Desagregando por produtos, en Galicia as vendas en Alimentación aumentan un 2,5% e no Resto de produtos un 5,1%. No conxunto do Estado, rexístrase un incremento do 2,8% nas vendas en Alimentación e do 6% no Resto de produtos.

No conxunto do ano, o índice medra un 3,3% en Galicia e un 3,8% en España. As vendas en Alimentación aumentan un 5,8% en Galicia, máis que en España (5,3%). As vendas no Resto de produtos crecen máis en España (3,5%) que en Galicia (2,3%).

4. Índice de ocupación

O índice xeral de ocupación amosa unha taxa de variación interanual do 0,8% no mes de decembro en Galicia e do 1,7% no conxunto do Estado.


Na media do ano, a ocupación medra un 0,1% en Galicia e en España un 1,9%.

5. Índices de ocupación por comunidades autónomas

A ocupación no comercio minorista aumenta en decembro en quince comunidades autónomas. Os maiores incrementos rexístranse en Canarias (3,7%) e Illes Balears (3,4%). As comunidades con diminución do persoal ocupado son La Rioja (-1,2%) e Asturias (-0,4%).

Índice xeral de ocupación. Decembro 2024

Taxas de variación en %



No acumulado do ano, a ocupación aumenta en quince comunidades autónomas. Madrid (4,4%) e Canarias (3,4%) rexistran os maiores incrementos. Perden persoal ocupado Extremadura (-0,7%) e La Rioja (-0,5%).

Notas metodolóxicas

Os índices de comercio polo miúdo son uns indicadores conxunturais que teñen por obxecto coñecer as características fundamentais das empresas dedicadas ao exercicio do comercio polo miúdo en España, e que permiten medir, a curto prazo, a evolución da actividade das empresas incluídas na sección G da CNAE-2009.

Os índices calcúlanse como un índice Laspeyres encadeado con ano base 2021 (encadeamento mensual no mes de decembro).

Os índices de comercio polo miúdo a prezos constantes mostran a evolución das vendas do sector minorista unha vez eliminado o efecto que os prezos teñen sobre as ditas vendas.

Os deflactores que se utilizan nos distintos índices a nivel de comunidade autónoma son:

- Índice xeral de comercio minorista: IPC xeral sen IVE sen servizos nin alugueres; nin automóbiles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento.
- Índice xeral sen estacións de servizo: IPC xeral sen IVE sen servizos nin alugueres; nin carburantes e lubricantes, nin automóbiles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento; nin distribución de auga, nin electricidade nin gas.
- Índice Alimentación: IPC alimentos, bebidas e tabaco sen IVE.
- Índice Resto: IPC xeral sen IVE sen alimentos, bebidas e tabaco; nin servizos nin alugueres; nin carburantes e lubricantes; nin automóbiles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento; nin distribución de auga, nin electricidade nin gas.

Os índices de comercio polo miúdo a prezos constantes obtéñense como cociente entre os índices de comercio polo miúdo a prezos correntes e o deflactor.

Anexo cadros

Cadro 1. Índices de comercio polo miúdo. Decembro 2024

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)		ÍNDICE DEFLACTADO	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	Media 2024		INTERANUAL	Media 2024
Galicia						
Xeral	145,8	3,9	3,3	121,3	3,4	1,7
Xeral sen estacións de servizo	147,3	4,0	3,8	121,2	3,0	1,5
Alimentación	145,4	2,5	5,8	112,8	1,0	2,0
Resto	148,8	5,1	2,3	132,0	4,9	1,8
España						
Xeral	150,9	4,2	3,8	125,5	3,5	2,1
Xeral sen estacións de servizo	153,3	4,6	4,3	126,3	3,4	2,1
Alimentación	150,9	2,8	5,3	116,7	0,9	1,7
Resto	155,2	6,0	3,5	139,7	6,0	3,3

Fonte: INE

Cadro 2. Índices de comercio polo miúdo corrixidos de estacionalidade e calendario. Decembro 2024

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)		ÍNDICE DEFLACTADO	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	Media 2024		INTERANUAL	Media 2024
Galicia						
Xeral	126,9	4,9	3,1	104,8	4,5	1,4
Xeral sen estacións de servizo	124,6	4,8	3,4	103,5	4,4	1,1
Alimentación	123,6	4,2	5,4	96,0	2,6	1,7
Resto	124,8	5,2	2,1	112,8	5,2	1,5
España						
Xeral	130,8	4,0	3,4	109,0	4,0	1,7
Xeral sen estacións de servizo	131,0	4,8	4,0	108,7	4,2	1,8
Alimentación	133,2	4,3	5,1	102,2	2,7	1,2
Resto	129,5	5,6	3,2	118,3	5,5	3,0

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE

Cadro 3. Índice xeral do comercio polo miúdo por comunidades autónomas. Decembro 2024

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)		ÍNDICE DEFLACTADO	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	Media 2024		INTERANUAL	Media 2024
ESPAÑA	150,9	4,2	3,8	125,5	3,5	2,1
Andalucía	150,6	4,4	5,0	125,3	3,9	3,6
Aragón	146,6	1,5	3,5	121,0	0,2	1,7
Asturias	144,5	3,8	3,1	120,1	2,6	1,5
Balears, Illes	133,3	3,0	2,2	110,8	1,6	0,5
Canarias	180,8	6,5	6,8	152,0	6,5	5,2
Cantabria	149,9	4,1	5,0	124,5	3,2	3,6
Castilla y León	141,7	1,2	2,4	116,2	0,5	0,9
Castilla-La Mancha	144,6	1,5	3,9	118,1	1,1	2,3
Cataluña	153,1	5,4	4,1	127,7	4,7	2,3
Comunitat Valenciana	147,9	4,3	4,3	123,9	3,8	2,9
Extremadura	140,0	2,3	2,4	115,9	1,7	0,7
GALICIA	145,8	3,9	3,3	121,3	3,4	1,7
Madrid	156,2	3,8	1,3	130,9	3,1	-0,3
Murcia, Región de	145,6	5,6	3,3	121,0	4,9	1,9
Navarra	142,1	4,0	4,7	116,9	2,9	2,7
País Vasco	148,7	4,5	5,0	122,5	2,6	2,7
Rioja, La	149,2	3,5	4,1	123,0	2,8	2,1
Ceuta	146,2	2,3	3,3	120,5	0,5	0,9
Melilla	139,8	2,2	3,7	115,6	1,4	2,6

Fonte: INE

Cadro 4. Índices de ocupación. Decembro 2024

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	Media 2024
Galicia			
Xeral	105,2	0,8	0,1
Xeral sen estacións de servizo	105,0	0,6	0,0
España			
Xeral	107,3	1,7	1,9
Xeral sen estacións de servizo	107,4	1,7	1,9

Fonte: INE

Cadro 5. Índice xeral de ocupación por comunidades autónomas. Decembro 2024

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	Media 2024
ESPAÑA	107,3	1,7	1,9
Andalucía	109,9	2,8	3,0
Aragón	104,6	1,1	0,8
Asturias	99,3	-0,4	0,3
Balears, Illes	109,1	3,4	3,0
Canarias	115,4	3,7	3,4
Cantabria	104,0	0,8	0,3
Castilla y León	104,3	0,0	0,7
Castilla-La Mancha	108,6	1,9	2,0
Cataluña	103,7	0,7	0,5
Comunitat Valenciana	106,3	1,3	1,1
Extremadura	104,7	0,1	-0,7
GALICIA	105,2	0,8	0,1
Madrid	111,9	2,9	4,4
Murcia	101,4	0,3	0,6
Navarra	105,7	1,7	1,3
País Vasco	105,4	1,0	0,8
Rioja, La	104,1	-1,2	-0,5
Ceuta	100,4	-0,5	-0,2
Melilla	101,8	0,0	-0,6

Fonte: INE